

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 25 DE MAIO DE 2023

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro. (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro. (PSdeG-PSOE)
D^a Raquel Caruncho Corral. (PSdeG-PSOE)
D^a Yolanda Vázquez Busto. (PSdeG-PSOE)
D^a Ángela Piñeiro Carrera. (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández. (PSdeG-PSOE)
D. Joshua Dopico López. (PSdeG-PSOE)
D^a. Manuela García Fachal. (PSdeG-PSOE)
D^a Alejandra Bellón Tenreiro. (PSdeG-PSOE)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro. (PP)
D. Luís Angel Díaz González. (PP)
D^a Rocío Souto Torre (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e catorce minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral municipal

Non asisten (xustificando a ausencia):

D. Luís Pena Mosquera. (BNG)

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal:

D^a Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión e indica que esta é a última sesión da lexislatura, e quere empezar dando a grazas a todos os membros da corporación, do goberno e da oposición polos catro anos, que considera que foron produtivos. Desexa moita sorte a todos no persoal e no político.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES:

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 20/04/2023
- SESIÓN ORDINARIA 27/04/2023
- SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 02/05/2023



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<**PROPOSTA DE ACORDO**

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES

(Expediente TEdC: 2023/G006/000091)

Recibida polas concelleiras e concelleiros membros do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 20/04/2023**

- **SESIÓN ORDINARIA 27/04/2023**

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 02/05/2023**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 20/04/2023**

- **SESIÓN ORDINARIA 27/04/2023**

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 02/05/2023**

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.>>

Sen intervencións, sométese a votación, por separado.

Sométese a votación o **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE do día 20.04.2023**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borrador da acta correspondentes á sesión:

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 20/04/2023**

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sométese a votación o **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27.04.2023**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D^a Yolanda Vázquez Busto; 1 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Luís Angel Díaz González; e **2 abstencións** do concelleiro do Grupo Municipal PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e da concelleira do Grupo Municipal BNG D. Rocío Souto Torre, por non estar presente na sesión que se somete a votación; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borrador da acta correspondentes á sesión:

- **SESIÓN ORDINARIA 27/04/2023**

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

Sométese a votación o **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA do día 02.05.2023**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borrador da acta correspondentes á sesión:

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 02/05/2023**

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

2.- DECLARACIÓN INTERESES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 22.05.2023, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 22 DE MAIO DE 2023

EXPDTE: 2023/G012/000007

2.- DECLARACIÓN INTERESES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expdte 2023/G006/000076)

Os/As representantes locais, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos; así mesmo formularán declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións do impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

Todos/as os/as representantes locais do concello de Ponte deume formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos; así mesmo formularán declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

A declaración de intereses deberán constar os seguintes extremos:

— *Identificación dos bens mobles e inmobles integrantes do patrimonio persoal, con designación, no seu caso, da súa inscrición rexistral, e data de adquisición de cada un.*

— *Relación de actividades e ocupacións profesionais, mercantís ou industriais, traballos por conta allea e outras fontes de ingresos privados, con especificación do seu ámbito e carácter e dos empregos ou cargos que se ostenten en Entidades Privadas, así como o nome ou razón social das mesmas.*

— *Outros intereses ou actividades privadas que, aínda non sendo susceptibles de proporcionar ingresos, afecten ou estean en relación co ámbito de competencias da Corporación.*

— *A declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, inscribírase no Rexistro de Actividades constituído en cada Entidade local.*

— *A declaración sobre bens e dereitos patrimoniais inscribírase no Rexistro de Bens Patrimoniais de cada Entidade local, nos termos que estableza o seu respectivo estatuto. Estas declaracións efectuaranse nos modelos aprobados polo Pleno e antes da toma de posesión, con ocasión do cesamento e ao final do mandato, así cando se modifiquen as circunstancias de feito e inscribíranse nos Rexistros de intereses correspondentes creados ao efecto, que terán carácter público.*

Para o acceso aos datos contidos no Rexistro de Intereses será preciso acreditar a condición legal de interesado lexítimo directo.

As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento da finalización do mandato. O rexistro de causas de posible incompatibilidade e de actividades terá carácter público.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De acordo co establecido no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación do Título I deberán facer pública, como mínimo a información que recolle o primeiro punto dese artigo. Entre outra:

— As declaracións anuais de bens e actividades dos representantes locais, nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Cando o regulamento non fixe os termos en que deben facerse públicas estas declaracións aplicarase o disposto na normativa de conflitos de intereses no ámbito da Administración Xeral do Estado. En todo caso, se omitirán os datos relativos á localización concreta dos bens inmobles e garantirase a privacidade e seguridade dos seus titulares.

O Rexistro de Intereses constituirase na Secretaría da Corporación, a súa custodia e dirección corresponden á Secretaria Xeral, de conformidade co artigo 3.2 k) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto canto antecede, e considerando o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Aprobar o modelo normalizado para a realización da declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos (Anexo I), así como o modelo para efectuar a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades (Anexo II), dos/as representantes locais do concello de Ponte deume.

ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE ACTIVIDADES QUE PROPORCIONE OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

CORPORACIÓN: 20__ / 20__

DATA DE ANOTACIÓN _____

NÚMERO DE REXISTRO _____

APELIDOS E NOME _____

CARGO _____

De conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 30 e 31 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, formula a seguinte declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades e declara:

Que NON concorre ningunha das causas de incompatibilidade descritas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeneral



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Que concorren as seguintes causas de incompatibilidade das descritas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeneral, Marque a que proceda:

- Os/As Avogados/as e Procuradores/as que dirixan ou representen a partes en procedementos xudiciais ou administrativos contra a Corporación, con excepción das accións a que refírese o artigo 63.1 b) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os/As Directores de Servizos, funcionarios/as ou restante persoal en activo do respectivo Concello e das entidades e establecementos dependentes del.
- Os/As Directores xenerais ou asimilados das Caixas de Aforro Provinciais e Locais que actúen no termo municipal.
- Os/As contratistas ou subcontratistas de contratos, cuxa financiamento total ou parcial corra a cargo da Corporación Municipal ou de establecementos dela dependentes.
- Os/As concelleiros/as electos en candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou coalicións de partidos declarados ilegais con posterioridade por sentenza xudicial firme e os electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores declaradas vinculadas a un partido ilegalizado por resolución xudicial firme.

Cando se produza unha situación de incompatibilidade os afectados deberán optar entre a renuncia á condición de concelleiro/a ou o abandono da situación que, de acordo co establecido no apartado anterior, de orixe á referida incompatibilidade.

Cando a causa de incompatibilidade sexa a de funcionarios/as ou restante persoal en activo do respectivo Concello e das entidades e establecementos dependentes del, o funcionario/a ou empregado/a público que optase polo cargo de concelleiro/a pasará á situación de servizos especiais ou subsidiariamente á prevista nos seus respectivos convenios que en todo caso suporá reserva do seu posto de traballo.

ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE		
1. ACTIVIDADE/CARGO PÚBLICO		
ADMINISTRACIÓN/EMPRESA/ORGANISMO:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
DENOMINACIÓN DO POSTO:	CORPO/ESCALA:	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		
REMUNERACIÓN:		
2. CARGO DE REPRESENTACIÓN POPULAR		
ÓRGANO:	CARGO:	REMUNERACIÓN:
3. CARGO EN CÁMARAS OU COLEXIOS PROFESIONAIS		
CORPORACIÓN:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
CARGO:	REMUNERACIÓN:	
4. ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA		
ACTIVIDADE OU EMPRESA:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. ACTIVIDADE POR CONTA ALLEA		
ENTIDADE OU EMPRESA:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE OU EMPRESA:		
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE:		
6. OUTRAS ACTIVIDADES		
7. AMPLIACIÓN DE DATOS POLO DECLARANTE		
8. TIPO DE DECLARACIÓN		
Marcar cunha X o cadro que proceda:		
<input type="checkbox"/>	Inicial	
<input type="checkbox"/>	Final (por cesamento no cargo)	
<input type="checkbox"/>	Modificación (declaración de actualización ou modificación da información)	

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e para que conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración, declarando ser certos os datos nela consignados.

Documento asinado dixitalmente por D./D^a _____ declarando baixo a súa responsabilidade que son certos os datos nela consignados e pola Secretaria Xeral de Corporación, que da fe, e asenta no Rexistro de Intereses correspondente, no día da data da sinatura dixital.

ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS E DA PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES

CORPORACIÓN: 20__ / 20__
 DATA DE ANOTACIÓN _____
 NÚMERO DE REXISTRO _____
 APELIDOS E NOME _____
 CARGO _____

De conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, formulo a seguinte declaración sobre os bens e dereitos que integran o meu patrimonio.

DECLARACIÓN EFECTUADAS:						
1. BENS INMOBLES						
CLAS E	MUNICIPIO	TIPO DE DEREITO	TÍTULO DE ADQUISICIÓN	DATA DE ADQUISICIÓN	PARTICIPACIÓN (%)	VALOR CATASTRAL
			N	N		



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CUARTO. Dar traslado do presente acordo a todos/as os/as representantes municipais tanto na súa condición de concelleiros/as salientes como entrantes, con carácter previo á toma de posesión dos seus cargos.»

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos membros presentes.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación o ditame quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o modelo normalizado para a realización da declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos (Anexo I), así como o modelo para efectuar a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades (Anexo II), dos/as representantes locais do concello de Ponte deume.

ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE ACTIVIDADES QUE PROPORCIONE OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

CORPORACIÓN: 20__ / 20__

DATA DE ANOTACIÓN _____

NÚMERO DE REXISTRO _____

APELIDOS E NOME _____

CARGO _____

De conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 30 e 31 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, formula a seguinte declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades e declara:

Que NON concorre ningunha das causas de incompatibilidade descritas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeneral

Que concorren as seguintes causas de incompatibilidade das descritas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeneral, Marque a que proceda:

- Os/As Avogados/as e Procuradores/as que dirixan ou representen a partes en procedementos xudiciais ou administrativos contra a Corporación, con excepción das accións a que refírese o artigo 63.1 b) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Os/As Directores de Servizos, funcionarios/as ou restante persoal en activo do respectivo Concello e das entidades e establecementos dependentes del.
- Os/As Directores xenerais ou asimilados das Caixas de Aforro Provinciais e Locais que actúen no termo municipal.
- Os/As contratistas ou subcontratistas de contratos, cuxa financiamento total ou parcial corra a cargo da Corporación Municipal ou de establecementos dela dependentes.
- Os/As concelleiros/as electos en candidaturas presentadas por partidos ou por federacións ou coalicións de partidos declarados ilegais con posterioridade por sentenza xudicial firme e os electos en candidaturas presentadas por agrupacións de electores declaradas vinculadas a un partido ilegalizado por resolución xudicial firme.

Cando se produza unha situación de incompatibilidade os afectados deberán optar entre a renuncia á condición de concelleiro/a ou o abandono da situación que, de acordo co establecido no apartado anterior, de orixe á referida incompatibilidade.

Cando a causa de incompatibilidade sexa a de funcionarios/as ou restante persoal en activo do respectivo Concello e das entidades e establecementos dependentes del, o funcionario/a ou empregado/a público que optase polo cargo de concelleiro/a pasará á situación de servizos especiais ou subsidiariamente á prevista nos seus respectivos convenios que en todo caso suporá reserva do seu posto de traballo.

ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE		
1. ACTIVIDADE/CARGO PÚBLICO		
ADMINISTRACIÓN/EMPRESA/ORGANISMO:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
DENOMINACIÓN DO POSTO:	CORPO/ESCALA:	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		
REMUNERACIÓN:		
2. CARGO DE REPRESENTACIÓN POPULAR		
ÓRGANO:	CARGO:	REMUNERACIÓN:
3. CARGO EN CÁMARAS OU COLEXIOS PROFESIONAIS		
CORPORACIÓN:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
CARGO:	REMUNERACIÓN:	
4. ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA		
ACTIVIDADE OU EMPRESA:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		
5. ACTIVIDADE POR CONTA ALLEA		
ENTIDADE OU EMPRESA:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE OU EMPRESA:		
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE:		
6. OUTRAS ACTIVIDADES		



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A) PRÉSTAMOS			
ACREDOR	DATA DE CONCESIÓN	DE IMPORTE	SALDO PENDENTE A 31 DE DECEMBRO DO ANO ANTERIOR
B) OUTRAS DÉBEDAS E OBLIGACIÓN			
TIPO	DATA	IMPORTE	
4. OUTRAS OBSERVACIÓNS (Consideracións adicionais que quere facer constar o declarante)			
5. TIPO DE DECLARACIÓN			
Marcar cunha "X" o cadro que proceda			
	Inicial		
	Final (por cesamento no cargo)		
	Modificación (declaración de actualización ou modificación da información)		

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e para que conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración, declarando ser certos os datos nela consignados.

Documento asinado dixitalmente por D./D^a _____
 declarando baixo a súa responsabilidade que son certos os datos nela consignados e pola Secretaria Xeral de Corporación, que da fe, e asenta no Rexistro de Intereses correspondente, no día da data da sinatura dixital.

SEGUNDO. Dar publicidade na sede electrónica municipal do concello de Ponte deume, ás declaracións anuais presentadas polos/as representantes locais sobre bens e actividades e incompatibilidades, omitindo na publicación os datos relativos á localización concreta dos bens inmoables e garantir a privacidade e seguridade dos seus titulares.

TERCEIRO. Aprobar a creación dos correspondentes Rexistros de Actividades e de Bens Patrimoniais do concello de Ponte deume para a corporación 2023-2027.

CUARTO. Dar traslado do presente acordo a todos/as os/as representantes municipais tanto na súa condición de concelleiros/as salientes como entrantes, con carácter previo á toma de posesión dos seus cargos.

3.- AFECTACIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO. APARCADOIRO.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 22.05.2023, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 22 DE MAIO DE 2023

EXPDTE: 2023/G012/000007

3.- AFECTACIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO. APARCADOIRO.

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

PROPOSTA DE ACORDO

EXPEDIENTE 2023/G006/000077

AFECTACIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO. APARCADOIRO

Logo de ver que se adquiriron os seguintes terreos para o seu destino como aparcadoiros públicos, segundo os seguintes datos.

1.- Decretos núm. 894/2022 de 29.12.2022 e 896/2022 de 30.12.2022, referentes á adquisición directa de ben Inmable na rúa Empedrado 21, coa seguinte descrición do terreo.

IDENTIFICACIÓN DO BEN	
Referencia catastral	7463142NJ6076S0000YQ
Localización	CL EMPEDRADO 21 Solo 15600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
Clase:	ZONA URBANA. Solo Urbano No Consolidado. (UNC-13)
Superficie:	1.008 m ²
Uso:	APARCADOIRO PÚBLICO
Ano de Construción:	SEN CONSTRUCCIÓN

O ben foi adquirido por adjudicación directa polas súas características segundo informe do arquitecto técnico municipal emitido o día 01/12/2021 e ten como finalidade pública destinarse a zona de aparcadoiro no núcleo urbano de Ponte deume.

O terreo sobre o que se plantexa a actuación da solución a petición dos veciños, solventa un problema de estacionamento na zona, liberando a rúa de vehículos e pola forma da parcela e o seu emprazamento, permite deseñar un espazo de escaso impacto visual con obras mínimas a falta de dispor da solución proposta, pode non ter unha repercusión salientable visualmente. Figura dentro do Plan de Mobilidade Urbana, como parcela de referencia para a creación dun aparcadoiro. Considerase que é o único que dispón das características necesarias para dar resposta a petición dos veciños nos terreos próximos, así como permitir unha liberación de coches da Praza de san Roque.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Considerase viable urbanísticamente, sempre e cando se realicen coas mínimas obras necesarias, e as autorizacións sectoriais necesarias.

2.- Decreto núm. 547/2022 de 19.08.2022 referentes á adquisición directa de ben Inmable no lugar de Vilar (O Barro, polígono 6 parcela 43), coa seguinte descrición do terreo.

IDENTIFICACIÓN DO BEN	
Referencia catastral	15070A006000430000WQ.
Localización	POLÍGONO 6 PARCELA 43 O BARRO PONTEDEUME
Clase:	Solo Rústico de especial protección de Augas, (R6)
Superficie:	2877,00 m2
Uso:	Espazo sociocultural e recreativo ao aire libre, aparcadoiro puntual
Ano de Construción:	Sen construcións

O ben foi adquirido por adjudicación directa polas súas características e segundo informe do arquitecto técnico municipal emitido o día 01/12/2021, ten como finalidade a creación dunha zona de esparcemento, que poida servir de zona de estacionamento puntual.

Segundo se acredita no informe técnico considerase viable a realización dunha explanada que poderá ser empregada como zona de estacionamento ocasional, sempre en canto se respecte o art 50.1.a (RLSG), e coas mínimas intervencións necesarias a realizar no medio.

O terreo sobre o que se plantexa a actuación da solución a petición dos veciños, solventa un problema de estacionamento en momentos puntuais; a falta de dispor da solución proposta, pode non ter unha repercusión salientable ao elemento de protección e o seu entorno, terreo sen grandes variacións na súas cotas, é o único de fácil acceso para vehículos de grandes dimensións coma autobuses

Analizados os terreos da contorna se considera que e o único que dispón das características necesarias para dar resposta a petición dos veciños nos terreos próximos a igrexa.

Visto o informe xurídico da Secretaria Xeral de data 12/05/2023

Considerando o establecido no artigo 22,2. 47,2 e 81 da Lei de bases de réxime local así como 8 do Real Decreto 1372/1986, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da afectación e alteración da cualificación xurídica dos bens con referencias catastrais indicados na táboa adxunta, establecendo a vinculación destes ao uso xeral ou servizo público de aparcadoiro e a súa consecvente integración no dominio público.

IDENTIFICACIÓN DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO USO PUBLICO APARCADOIRO	
Referencia catastral	7463142NJ6076S0000YQ
Referencia catastral	15070A006000430000WQ.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- Entenderase o acordo inicial elevado automaticamente a definitivo no caso de non terse presentado alegacións, no período de información pública.

CUARTO. O Acordo de aprobación definitiva expresa ou tácita debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, estará a disposición para xeral coñecemento na sede electrónica deste Concello

CUARTO.- Será incorporado o acordo definitivo que resulte, na vindeira revisión do inventario de bens do concello de Ponte deume, segundo o procedemento legalmente previsto coa xeración das correspondentes fichas na aplicación do inventario municipal
<https://inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume/PrincipalMenu.aspx>

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 6 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPSOE(5): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D. , D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; do concelleiro do Grupo Municipal do PP (1) D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e 1 abstención do concelleiro que integra o Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera>>

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación o ditame quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da afectación e alteración da cualificación xurídica dos bens con referencias catastrais indicados na táboa adxunta, establecendo a vinculación destes ao uso xeral ou servizo público de aparcadoiro e a súa consecuente integración no dominio público.

IDENTIFICACIÓN DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO USO PUBLICO APARCADOIRO	
Referencia catastral	7463142NJ6076S0000YQ
Referencia catastral	15070A006000430000WQ.

SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Entenderase o acordo inicial elevado automaticamente a definitivo no caso de non terse presentado alegacións, no período de información pública.

CUARTO. O Acordo de aprobación definitiva expresa ou tácita debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, estará a disposición para xeral coñecemento na sede electrónica deste Concello

CUARTO.- Será incorporado o acordo definitivo que resulte, na vindeira revisión do inventario de bens do concello de Ponte deume, segundo o procedemento legalmente previsto coa xeración das correspondentes fichas na aplicación do inventario municipal

<https://inventariomunicipal.dacoruna.gal/Invent2/pontedeume/PrincipalMenu.aspx>

4. DECLARACIÓN DAS FESTAS DAS PERAS COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 22.05.2023, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 22 DE MAIO DE 2023

EXPDTE: 2023/G012/000007

3.- DECLARACIÓN DAS FESTAS DAS PERAS COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

DECLARACIÓN DAS "FESTAS DAS PERAS" COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

Expediente núm.: 2023/U029/000001

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, no que se recolle a documentación necesaria a presentar para dita solicitude e o procedemento a seguir, co fin de que o Consello da Xunta de Galicia, a proposta da Dirección da Axenda Turismo de Galicia e a Dirección de Competitividade, declare a Festa das Peras de Ponte deume, festa de interese turístico de Galicia.

Vista a memoria explicativa elaborada pola Concelleira de Turismo, Yolanda Vázquez Busto de data 16/05/2023.

Visto o informe do departamento da Policía Local municipal en referencia á asistencia de público.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o informe do historiador Carlos de Castro Álvarez poñendo en valor a relevancia cultural da Festa das Peras, segundo o exposto na memoria descriptiva.

Visto o material gráfico aportado consistente en:

- - Banco de vídeos da celebración entre os anos 1983 e 1989.
- - Libros das Festas realizados entre os anos 2015 e 2022.
- - Programación actividades entre os anos 2015 e 2022.
- - Libreto recitais poéticos realizados entre os anos 2015 e 2022.
- - Imaxe corporativa elaboradas entre os anos 2015 e 2022.
- - Memorias económicas

Visto canto antecede, sométese a aprobación do Pleno da Corporación de Ponte deume:

PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia das "Festas das Peras" de Ponte deume.

SEGUNDO.- Facultar a Alcaldía para a subscripción de cantos actos administrativos deriven da adopción do presente acordo.

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos membros presentes.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **dona Yolanda Vázquez Busto, Concelleira de Turismo, Formación e Emprego e Novas Tecnoloxías** que indica do teor literal:

"Hoxe traemos a pleno a solicitude de Declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para As Festas das Peras. Un dos trámites requeridos polo decreto da Xunta de Galicia que regula este tipo de distincións.

O impulso que tomaron as nosas festas patronais durante os últimos tempos non podería ser acadado sen o traballo e implicación de todos e cada un dos compoñentes e colaboradores da comisión de festas que ano tras ano co seu esforzo altruísta consiguen que estas celebracións teñan máis e máis relevancia tanto na comarca, como a nivel provincial e autonómico.

E este é o obxectivo desta solicitude, impulsar a visibilidade de todo este traballo conxunto realizado entre a comisión de festas e os diferentes departamentos municipais implicados na súa organización.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Unha festas que unen a toda a veciñanza e nas que tamén debemos destacar o apoio que realizan os diferentes establecementos, comercios e empresas co obxectivo de continuar preservando o seu valor patrimonial, cultural e turístico.

Como puideredes comprobar a documentación a presentar consiste nunha memoria explicativa que xustifica aspectos como a súa antigüidade, singularidade, arraigo ou accións promocionais. Un traballo de recopilación de documentación que foi realizado por parte do persoal da Oficina de turismo.

Ademais conta cun informe de afluencia de asistentes realizado pola Xefatura da Policía Local e a a acreditación do seu valor cultural elaborado polo historiador Carlos de Castro.

E por último un banco de contidos audiovisuais tanto de imaxe corporativa, dos libros das festas, de programación de actividades ou de diferentes vídeos da década dos oitenta que foron proporcionados por Manolo López.

Como vedes, xa non soamente a organización das festas senón tamén a redacción deste expediente é un traballo colaborativo e desde o Goberno Local amosamos o noso agradecemento a todas e cada unha das persoas que axudan, impulsan e colaboran dunha maneira ou de outra en aumentar a súa calidade, importancia e prestixio."

Sen máis intervencións, sométese a votación o ditame quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia das "Festas das Peras" de Ponte deume.

SEGUNDO.- Facultar a Alcaldía para a subscrición de cantos actos administrativos deriven da adopción do presente acordo.

5. ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS (NOVAS) PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMOTERRESTRE CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C)

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 22.05.2023, que que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 22 DE MAIO DE 2023

EXPDTE: 2023/G012/000007

5.- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS (NOVAS) PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

MARÍMOTERRESTRE CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C)

PROPOSTA DE ACORDO

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS (NOVAS) PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C)

Expediente: 2023/U048/000001

O pleno do Concello de Ponte deume, celebrado en sesión ordinaria o xoves 23.02.2023, adoptaba entre outros, o acordo seguinte:

“PRIMEIRO.- Aceptar as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de douscentos corenta e dous metros cadrados (242m²) de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a cantina, almacén e aseos no paseo marítimo de Ponte deume, termo municipal de Ponte deume (A Coruña), que constan nos documentos con rexistro de entrada municipal nº 20239000000125 de 31/01/2023 e 20239000000160 de 08/02/2023 de rectificación de erros, segundo as prescricións técnicas e condicións impostas pola Administración concedente, especificamente o canon anual imposto e a duración da mesma, entre outras contidas no documento ao que se da aceptación.

...//...”

Logo de ver o documento con rexistro de entrada nº 202390000000532 de 10/05/2023 da Demarcación de Costas en Galicia, relativo a “Someter a la aceptación del Ayuntamiento de Ponte deume las condiciones y prescripciones por las que podría otorgarse la concesión de doscientos cuarenta y dos metros cuadrados (242 m²) de terrenos de dominio público marítimo-terrestre con destino a cantina, almacén y aseos en el paseo marítimo de Ponte deume, término municipal de Ponte deume (A Coruña). –” (CNC02/19/15/0011;T.12/17-C), no que se indica, cuxo contido se transcribe en estrato:

“ Se remite copia al Ayuntamiento de Ponte deume de la Resolución dictada por la Dirección General de la Costa y el Mar, con fecha de 26 de abril de 2023, por la que se somete nuevamente a la aceptación de las condiciones y prescripciones por las que podría otorgarse la concesión relativa al tema reseñado en el asunto, al haberse añadido en las condiciones particulares la prescripción B:”El Ayuntamiento deberá garantizar que en los procedimientos para licitar la prestación del servicio se atenderá al mayor interés y utilidad pública de las propuestas, que se valorarán en función de criterios que deberán ser especificados por el Ayuntamiento en el correspondiente pliego de condiciones, con respeto a los principios de publicidad, imparcialidad, transparencia y concurrencia competitiva”.

Tendo en conta o informe de fiscalización do expediente de data 14.02.2023, favorable con observacions.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Atendendo ao indicado no informe xurídico da secretaría xeral de data 17/02/2023 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Esta Alcaldía somete a aprobación do pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondiente a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aceptar as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de douscentos corenta e dous metros cadrados (242m²) de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a cantina, almacén e aseos no paseo marítimo de Ponte deume, termo municipal de Ponte deume (A Coruña), que constan nos documentos con rexistro de entrada municipal nº 20239000000532 de 10/05/2023, segundo as prescricións técnicas e condicións impostas pola Administración concedente, especificamente o canon anual imposto e a duración da mesma, entre outras contidas no documento ao que se da aceptación.

SEGUNDO.- Inscribir no Rexistro da Propiedade de Ponte deume e no inventario de bens e dereitos municipal o acordo de concesión a favor do concello de Ponte deume que se adopte.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para a sinatura da documentación que se derive da adopción do presente acordo.

CUARTO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Demarcación de Costas, Secretaría de Estado de Medio Ambiente, Dirección General de la Costa y el Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; así como aos servizos técnicos e económicos aos efectos oportunos.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.”

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 6 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPOE(5): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D. , D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; do concelleiro do Grupo Municipal do PP (1) D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e 1 abstención do concelleiro que integra o Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera>>

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o Sr. **Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro** que indica que como xa é coñecido o proxecto para a cantina no paseo marítimo está aprobado pero ao ser zona de dominio público terrestre débese contar coa autorización da Demarcación de Costas para proceder á súa licitación.

Sen máis intervencións, sométese a votación o ditame quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aceptar as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de douscentos corenta e dous metros cadrados (242m²) de terreos de dominio público marítimo-



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

terrestre con destino a cantina, almacén e aseos no paseo marítimo de Ponte deume, termo municipal de Ponte deume (A Coruña), que constan nos documentos con rexistro de entrada municipal nº 20239000000532 de 10/05/2023, segundo as prescripcóns técnicas e condicións impostas pola Administración concedente, especificamente o canon anual imposto e a duración da mesma, entre outras contidas no documento ao que se da aceptación.

SEGUNDO.- Inscribir no Rexistro da Propiedade de Ponte deume e no inventario de bens e dereitos municipal o acordo de concesión a favor do concello de Ponte deume que se adopte.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para a sinatura da documentación que se derive da adopción do presente acordo.

CUARTO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Demarcación de Costas, Secretaría de Estado de Medio Ambiente, Dirección General de la Costa y el Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; así como aos servizos técnicos e económicos aos efectos oportunos.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia.

7.- DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA: MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO (PMP). PRIMEIRO TRIMESTRE 2023

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 45/2023 PMP E MOROSIDADE. PRIMEIRO TRIMESTRE 2023.

(Expediente TEdC: 2023/Q001/000005-2023/G006/000092)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(...)"

5.

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 45/2023, de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao PRIMEIRO trimestre de 2023">>

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

8.- DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA: ISPA 2023 (RETRIBUCIÓN 2022)

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<**PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA**

REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA ISPA 2023.

(Expediente TEdC: 2023/G006/000093)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro).

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 38/2023, de asunto: "Comunicación da remisión de información ISPA 2023 (retribucións 2022)">>

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

9. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA: EXECUCIÓN TRIMESTRAL, PRIMEIRO TRIMESTRE 2023.

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<**PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA**

REMISIÓN INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2023



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expediente TEdE: 2023/G006/000095)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 46/2023, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 1º Trimestre de 2023.>>

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES

Preséntanse para o Pleno do mes de febreiro, unha moción urgente por parte do grupo municipal do Partido socialista de Galicia PSdG-PSOE.

1. MOCIÓN EN DEFENSA DA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO CEIP ANDRADE.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, D. José Simoes Couceiro, que da conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

*<<O Grupo Municipal dos Socialistas de Ponte deume ,de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción en defensa da mellora das instalacións do CEIP Andrade** .*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No eido educativo, a pasada crise sanitaria da Covid-19 revelou de forma evidente a situación de precariedade que estamos a sufrir como consecuencia dos recortes que as políticas da Xunta de Galicia veñen impoñendo dende hai xa moitos anos. A necesidade dun incremento de recursos económicos e humanos para garantir o dereito fundamental e habilitador que é a Educación ponse agora máis de manifesto ca nunca.

Entendemos que a crise sanitaria xa superada debe servir para darnos conta da importancia da educación pública e das súas necesidades. Non é de recibo que as entidades locais asumisemos sen aportación externa algunha os custes derivados da pandemia mentres a administración autonómica sacaba peito da boa xestión realizada nin é de recibo que ante o aumento dos prezos derivados da guerra en Ucraína e o aumento do prezo da enerxía os concellos carguemos con todo o peso do mantemento da educación pública.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Estamos nunha constante loita entre as competencias da administración local e autonómica cada vez que temos que asumir un gasto dos centros escolares en cuestión xa non de mantemento senón de inversión, algo que pola lei de racionalización das entidades locais, nos non podemos asumir. E sexamos realistas, a maioría dos **centros educativos** contan con máis de 40 anos dende a súa construción, como é o caso de CEIP Andrade, polo que a vida útil da súa instalación xa chegou ao seu fin e polo tanto xa non se trata, na meirande parte dos casos, dunha cuestión de reparación senón de investimento. Pero neste fogo cruzado sempre perden os centros escolares e polo tanto as nosas nenas e os nosos nenos.*

A comunidade educativa do CEIP Andrade, representada pola dirección do centro, a ANPA e a Concellería de Ensino do Concello de Ponte deume vimos reclamando dende hai anos unha reforma integral do centro e vendo que non temos resposta nin por parte da Xefatura Territorial nin por parte da Consellería observamos como se afunde a pista deportiva, non se conta cun patio cuberto o suficientemente amplo para acoller a todo o alumnado nos días de choiva, entra frío e auga por unhas fiestras totalmente obsoletas e que non cumpren co modelo de eficiencia enerxética, e o peche da escola está a caer despois de ser reparado en multitude de ocasións.

Consideramos que un centro educativo coma o CEIP Andrade, que está a apostar por unha educación respectuosa coa contorna natural na que se asenta e cuxo modelo educativo está a ser moi apreciado polas familias non só da vila de Ponte deume senón tamén dos concellos veciños, merece contar cunhas instalacións seguras para o seu alumnado, xa que a obsolescencia coa que temos que vivir todos os días preocupa en materia de seguridade as familias e a toda a comunidade educativa.

Son moitas as competencias que asumimos por ser a administración máis cercana, a que lle pon cara ás necesidades e por un sentimento de responsabilidade coas nosas familias aínda sen ter recursos e sen ser a nosa obriga. Pero non podemos seguir asumindo esta situación por máis tempo. É preciso que a Consellería de Educación asuma dunha vez por todas as súas responsabilidades e deixe de afogar economicamente co seu desleixo ás entidades locais, deixando de facer diferencias entre uns centros nos que estamos a ver que sí se realizan reformas integrais ao longo do período vacacional e outros, coma o CEIP Andrade no que se está a invertir nin un euro nos últimos anos.

POR TODO O ANTERIORMENTE EXPOSTO, ESTA CORPORACIÓN LOCAL INSTA Á ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA A :

- *Incrementar a dotación económica para os investimentos destinados á realización de obras no CEIP Andrade para corrixir as deficiencias existentes e mellorar e modernizar as súas instalacións.*
- *Realizar, tal como se ven facendo noutros centros de Galicia, unha reforma integral do CEIP Andrade, un centro no que a vida útil dos seus elementos xa está máis que rematada e na cal, legalmente, o Concello non pode facer ningunha inversión para corrixir as súas eivas. >>*

A presidencia abre a quenda para o debate.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira de Educación**, que indica que están nunha constante loita entre as competencias da administracións locais e autonómicas, cada vez asumindo máis gastos nos centros escolares, non só de mantemento senón tamén de inversión, algo que pola Lei de racionalización das entidades locais non poden asumir.

Continúa dicindo que a maioría dos centros contan con máis de 40 anos de antigüidade, é o caso do CEIP de Andrade, polo que a súa vida útil chegou ao seu fin, e non se trata de obras de reparacións senón xa de inversión; e quen sempre perde neste "fogo cruzado" os nenos e nenas. A comunidade educativa do CEIP de Andrade e Concello, reclaman dende hai anos unha reforma integral do centro pero non teñen resposta por parte da xefatura territorial da Consellería de Educación.

Continúa dicindo que a pista polideportiva afúndese, non hai un patio cuberto o suficientemente amplo para acoller a todo o alumnado nos días de choiva, entre frío e aire por unhas fiestras totalmente obsoletas que incumpren os parámetros de eficiencia enerxética; e o peche da escola está a caer despois de ser reparado en numerosas ocasións polo Concello.

Consideran que o CEIP de Andrade, que aposta por unha educación respectuosa coa súa contorna natural, na que se asenta un modelo educativo moi apreciado polas familias do concello e de concellos veciños; merece contar cunhas instalacións seguras para o seu alumnado, xa que a obsolescencia coa que teñen que vivir todos os días preocupa en materia de seguridade a comunidade educativa e a todas as familias.

Indica que son moitas as competencias que o concello asume por ser a administración máis próxima e por un sentimento de responsabilidade coas familias aínda sen ter recursos e sen ser a súa obriga. É preciso que a Consellería de Educación asuma as súas responsabilidades e deixe de afogar economicamente as entidades locais.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do Partido Popular (PP)** que indica que non van ir en contra da moción; pero quere puntualizar que lle informan dende a Consellería de Educación que só teñen coñecemento dun escrito que lles chega no día de onte as tres menos cuarto e só con cuestións de eficiencia enerxética.

Con respecto á vida útil do edificio dí que é un edificio de formigón, que non considera que se acaba a vida útil, porque pode crear alarma.

Indica tamén que dende a Consellería de Educación lle informan que nos últimos anos se gastaron cerca de 200.000 euros, indicando que non van ir en contra porque consideran que cantos máis cartos veñan para o noso pobo, mellor.

Toma a palabra **dona Rocío Souto Torre, concelleira do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** para indicar que é unha reclamación dende hai tempo e que é necesario que a Xunta cumpra coas súas obrigas de reparación e mantemento dos centros educativos; indica que non só é o colexio de Andrade, que moitas escolas unitarias pecharon no seu día porque as condicións nos seus interiores era caótica. Indica que a Xunta debe asumir o seu traballo.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro** que indica que no día de onte remitiron ao centro escolar unha notificación para que tivesen constancia de que ía vir esta moción ao pleno, e ahí se recolle unha reforma integral, levamos dous anos pedíndoa; e levamos 4 anos pedindo unha reunión co xefe territorial e nunca tivemos resposta.

Continúa dicindo que o fin da vida útil fai referencia as instalación ou elementos do edificio, non ao esqueleto de formigón do edificio; as tuberías teñen 40 anos, o peche xa non aguanta máis reparacións; as ventás están vellas. Indica que a última inversión da Consellería foi un ascensor que leva parado dende xaneiro porque a Consellería non o amaía.

Pregunta o **don Santiago Rodríguez Piñeiro** que o mantemento do ascensor é competencia do concello.

Resposta o **presidente don Bernardo Fernández Piñeiro** que está en garantía a obra, que pasa ao Concello en canto esta garantía remate, o promotor neste caso a Xunta debe exixirle á empresa que o poña en funcionamento.

Continúa o **Sr Presidente** indicando que o lóxico é que se debería avanzar no Pacto Local e que a Xunta asuma todo o que ten que ver cos centros educativos, non é lóxico ter que asumir gastos como conserxes, mantementos, limpeza... que son competencia da Xunta e que os edificios tamén son da Xunta, están os concellos asumindo gastos en edificios que non son da súa titularidade. Continúa dicindo que se debería facer un fronte común entre todos os concellos da contorna para a próxima lexislatura para que a Xunta asuma as súas competencias.

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción quedando **ADOPTADA** por **MAIORÍA de 10 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D^a Yolanda Vázquez Busto; e da concelleira do Grupo Municipal BNG D. Rocío Souto Torre; e **2 abstencións** do concelleiro do Grupo Municipal PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luís Angel Díaz González:

ESTA CORPORACIÓN LOCAL INSTA Á ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA A:

- Incrementar a dotación económica para os investimentos destinados á realización de obras no CEIP Andrade para corrixir as deficiencias existentes e mellorar e modernizar as súas instalacións.
- Realizar, tal como se ven facendo noutros centros de Galicia, unha reforma integral do CEIP Andrade, un centro no que a vida útil dos seus elementos xa está máis que rematada e na cal, legalmente, o Concello non pode facer ningunha inversión para corrixir as súas eivas.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25/05/2023

(Expediente TEDeC: 2023/G006/000094)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **209.2023** de 21 de abril ao **276.2023** de 18 de maio de 2023, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000252	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 3/ÚLTIMA DA OBRA - RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL MEDIANTE A REHABILITACIÓN DO ENTORNO DA FONTE DO CASTRO E A FONTE DE CRUZ DE CABILDO, NO CONCELLO DE PONTEDEUME.	000209/2023	21-04-2023 11:59
2023/G003/000254	Liquidación de Tributos-PAGO SEGUROS SOCIAIS MES FEBREIRO 2023.	000210/2023	21-04-2023 11:59
2023/G003/000225	ANULACIÓN NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL O DÍA 10.04.2023, DE D. JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ.	000211/2023	21-04-2023 15:20
2023/G003/000256	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023. DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DA ALCALDÍA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE POR AUSENCIA DO SR. ALCALDE TITULAR O DÍA 24 DE ABRIL DE 2023	000212/2023	24-04-2023 08:53
2022/G003/000862	IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO DE CONTRATO: RENOVACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN CENTROÑA (POS+ 2017 ADICIONAL) Expediente: 2018/C003/000002	000213/2023	24-04-2023 12:37
2023/G003/000235	SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA EMPRESA "SERVICIOS SOCIAIS, VIRXE DO CARME, S.L." PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA (PROPOSTA DOUTRO PREZO/HORA UNITARIO)	000214/2023	24-04-2023 13:09
2023/G003/000259	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27/04/2023	000215/2023	24-04-2023 14:37
2023/G003/000253	OBRAS DE PAVIMENTACIÓN RÚA PICHÓ	000216/2023	24-04-2023 14:40
2023/G003/000192	TESOURERÍA: SOLICITA REVISIÓN DA TAXA DE VADO EN URB OLMO 11 3ª B J POR OCUPACIÓN DE UN SOO VEHÍCULO	000217/2023	24-04-2023 15:17
2023/G003/000261	Concurso de Maios 2023.	000218/2023	25-04-2023 13:50



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000250	ALTA PERSOAS PARTICIPANTES NOS TALLERES CULTURAIS 2022/2023	000219/2023	26-04-2023 11:08
2023/G003/000268	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 02/05/2023. SORTEO COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS	000220/2023	26-04-2023 13:37
2023/G003/000257	INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES DE ABRIL DE 2023.	000221/2023	26-04-2023 13:36
2023/G003/000264	PERSOAL-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES DE ABRIL DE 2023.	000222/2023	26-04-2023 13:36
2023/G003/000231	Solicitud Subvención PEL	000223/2023	26-04-2023 13:36
2023/G003/000272	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUMERO 3, XERACIÓN DE CRÉDITO 1. PEL CONCELLOS.-	000224/2023	27-04-2023 14:16
2023/G003/000269	Solicitud Subvención compra de material para la piscina	000225/2023	27-04-2023 15:45
2023/G003/000263	Liquidación de Tributos-PAGOS SEGUROS SOCIAIS MES MARZO 2023.	000226/2023	27-04-2023 15:45
2023/G003/000271	Solicitud Subvención SOCORRISTAS 2023	000227/2023	27-04-2023 15:45
2022/G003/000971	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 E Nº2 DA OBRA - INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE EN ANDRADE-. OBRAS MUNICIPAIS.	000228/2023	28-04-2023 09:44
2023/G003/000273	ORDENACIÓN PAGO FACTURAS RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PLENO RELACIÓN: F/2023/1 E X/2023/1.	000229/2023	28-04-2023 09:44
2023/G003/000279	INCOACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL,.... DANOS VEHÍCULO	000230/2023	28-04-2023 14:17
2023/G003/000281	IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO DE CONTRATO: RENOVACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN CENTROÑA (POS+ 2017 ADICIONAL) Expediente: 2018/C003/000002	000231/2023	02-05-2023 15:16
2023/G003/000274	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI99500000028615	000232/2023	03-05-2023 13:29
2023/G003/000242	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO 9BIS 99500000028506	000233/2023	03-05-2023 13:29
2023/G003/000260	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia do mes de marzo 2023	000234/2023	03-05-2023 13:29
2023/G003/000258	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, febreiro 2023	000235/2023	03-05-2023 13:29
2023/G003/000270	APROBACIÓN FACTURAS, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO -RELACIÓN X/2023/2-	000236/2023	03-05-2023 13:33
2023/G003/000282	Concurso de Contos Vila de Ponte deume 2023	000237/2023	03-05-2023 13:33
2023/G003/000278	Convocatoria selección personal- PEL CONCELLOS 2023.	000238/2023	03-05-2023 13:29
2023/G003/000277	Convocatoria selección personal- PEL CONCELLOS 2023.	000239/2023	03-05-2023 13:29
2023/G003/000283	SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE TARXETA DE	000240/2023	03-05-2023



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (DNI 76405659G)		13:29
2023/G003/000280	APROBACIÓN LIQUIDACIÓNS VARIAS - TAXA POR PUBLICACIÓN ANUNCIOS NO BOP.-	000241/2023	03-05-2023 14:20
2023/G003/000251	COLABORACIÓN SERVICIOS RECAUDACIÓN	000242/2023	03-05-2023 14:20
2023/G003/000265	SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA: EXPEDIENTE DE LICENZA DE OBRAS DO HOTEL EUMESA E LICENZA DE APERTURA E FUNCIONAMENTO DAS CAFETERÍAS DESE HOTEL, CAFETERÍA BRASILIA E CAFETERÍA TINOS.	000243/2023	03-05-2023 14:20
2023/G003/000164	TESOURERÍA: SOLICITA CAMBIO DE TITULARIDADE E PLACA DE VADO DO GARAXE SITO EN OLMO B4 PTAL 8 BJ DCHA	000244/2023	03-05-2023 14:20
2023/G003/000284	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA D E GOBERNO LOCAL DE DÍA 4 DE MAIO DE 2023	000245/2023	03-05-2023 14:10
2023/G003/000275	Contratación do servizo de conserxerías dos centros de titularidad o dependencia municipal	000246/2023	04-05-2023 12:50
2023/G003/000286	CONTRATO MENOR PARA IMPRESIÓN PAPELETAS ELECCIÓN LOCAIS 2023	000247/2023	04-05-2023 14:38
2023/G003/000285	MODIFICACIÓN DE CREDITO 4, XERACIÓN DE CRÉDITO 2. PREVENCIÓN CONDUTAS ADITIVAS.-	000248/2023	04-05-2023 14:11
2023/G003/000056	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "HUMANIZACIÓN URBANÍSTICA DE RÚA RÍO EUME E PRAZA MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO.PONTEDEUME"	000249/2023	05-05-2023 14:40
2023/G003/000290	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/2. RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. ALCALDÍA.-	000250/2023	09-05-2023 19:34
2023/G003/000291	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 5, XERACIÓN DE CREDITO 3. APROL RURAL.-	000251/2023	09-05-2023 19:34
2023/G003/000292	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUMERO 6, XERACIÓN DE CRÉDITO 4. PERCEPTORES RISGA.-	000252/2023	09-05-2023 19:34
2023/G003/000294	MODIFICACIÓN DE CREDITO 7, XERACIÓN DE CREDITO 5. REDE CULTURAL.-	000253/2023	09-05-2023 19:34
2023/G003/000302	Proposta de baixa e proposta de alta no Servizo de axuda no fogar de dependencia.	000254/2023	11-05-2023 09:56
2023/G003/000301	Proposta de baixa e proposta de alta no Servizo de axuda no fogar de dependencia.	000255/2023	11-05-2023 09:56
2023/G003/000299	Proposta de baixa e proposta de alta no Servizo de axuda no fogar de dependencia	000256/2023	11-05-2023 09:56
2023/G003/000297	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI99500000028667	000257/2023	12-05-2023 12:13



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000298	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI99500000028711	000258/2023	12-05-2023 12:13
2023/G003/000288	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/5 E F/2023/6	000259/2023	12-05-2023 14:42
2023/G003/000306	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/7.	000260/2023	12-05-2023 15:26
2023/G003/000305	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 8, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2. ÁREA DE GASTO 9.-	000261/2023	12-05-2023 15:27
2023/G003/000245	TESOURERÍA: LISTADO DE FACTURACIÓN DOS ABOADOS PERTENCENTES AO CONCELLO DE PONTEDEUME POLOS SERVICIOS DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2.023	000262/2023	15-05-2023 10:10
2023/G003/000125	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL; D. JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ OS DÍAS 15, 16, 18 E 19 MAIO 2023.	000263/2023	15-05-2023 10:10
2023/G003/000222	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO DR 28002-2022	000264/2023	15-05-2023 10:10
2023/G003/000303	Tramitación de Decretos EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS NA ACTIVIDADE DE CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL DAS FAMILIAS EUMESAS: RUEIRAS/RUEIROS DE VERÁN 2023	000265/2023	15-05-2023 10:10
2023/G003/000300	Aprobación das datas para a realización da inscrición das persoas interesadas na actividade municipal: Rueiras/Rueiros de verán 2023	000266/2023	15-05-2023 10:10
2023/G003/000144	SOLICITUDE DE ACCESO AO EXPEDIENTE DE LICENZA DE CONSTRUCCIÓN E ACTIVIDADE DE COPISTERÍA EN R/SAN AGUSTÍN, 1. (JOYPA)	000267/2023	15-05-2023 23:03
2023/G003/000304	PERSOAL-MODIFICACIÓN RESOLUCIÓN APROBACIÓN NÓMINA MES DE ABRIL DE 2023.	000268/2023	15-05-2023 22:59
2023/G003/000247	TESOURERÍA: XUÍZO VERBAL 79/2022 DEMANDANTE GESICO COMPRA DE IMPAGADOS SL DEMANDADO CONCELLO DE PONTEDEUME	000269/2023	15-05-2023 22:58
2023/G003/000295	SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA :INFORMACIÓN SOBRE AS BASES DE LICITACIÓN DAS FESTAS DA PERAS 2023 E ACCESO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E A COMISIÓN DE FESTA DAS PERAS 2022	000270/2023	15-05-2023 22:58
2023/G003/000309	Solicitud do Servizo de axuda no fogar de libre concorrencia.	000271/2023	16-05-2023 12:07
2023/G003/000310	Solicitud do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia.	000272/2023	16-05-2023 12:07
2023/G003/000311	Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda de 22/05/2023	000273/2023	16-05-2023 12:07
2023/G003/000312	Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 22/05/2023	000274/2023	16-05-2023 14:24



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2023/G003/000308	Concurso de Contos Vila de Ponte deume 2023	000275/2023	18-05-2023 10:21
2023/G003/000314	Solicitud Subvención PEL Deputación 2.023	000276/2023	18-05-2023 10:20

Os concelleiros, concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**.

12.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

Non se presentaron rogos e preguntas para este Pleno.

REMATE DA SESIÓN

Antes de dar por rematada a sesión, o Sr. Presidente volve a indicar que foi un pracer compartir a lexislatura con todos os concelleiros e concelleiras, e en especial a dúas compañeiras que xa non van repetir lexislatura, dona Raquel Caruncho Corral e dona Yolanda Vázquez Busto por todo o tempo que dedicaron a traballar polo concello e pola cidadanía do Concello de Ponte deume.

Quere darlle as grazas tamén ao concelleiro do Partido Popular don Luís Ángel Díaz González que tampouco repetirá lexislatura, que foi un pracer compartir experiencia.

A continuación dona Yolanda Vázquez Busto, no seu nome e no de dona Raquel Caruncho Corral indica do teor literal:

“En primeiro lugar agradecer a confianza depositada polo noso Alcalde por contar con nos nesta experiencia intensa e enriquecedora durante oito anos nunhas tarefas cunha responsabilidade tan elevada como é a xestión municipal.

Ao resto de compañeiros, concelleiras e concelleiros polo seu traballo e apoio amosado.

A todo o funcionamento e empregados municipais pola súa axuda e colaboración.

Foi, é e seguirá sendo todo un orgullo para nos esta oportunidade de convertirmos en servidoras públicas, un traballo que intentamos realizar co maior compromiso, honestidade, ilusión e respecto por esta institución e pola veciñanza á que representa.

Ímonos coa satisfacción de saber que esta etapa finaliza e que non deixamos compañeiros senón máis dunha amizade.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

É simplemente desexar toda a sorte, forza e motivación necesaria á futura corporación na súa dedicación de traballar cun único obxectivo, que é a mellorar o benestar das eumesas e eumeses e o avance da nosa sociedade.”

O Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e sete minutos do expresado día.”

Apróbase a presente acta, na sesión extraordinaria do Pleno de data 14/06/2023, segundo o borrador asinado o día 05/06/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Alcalde en funcións e da Secretaria, que dá fe.

